



PROBAS DE AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA DE 3º DE PRIMARIA

RESOLUCIÓN do 10 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2017-18. (DOG do 26 de abril)

CAL É A SÚA FINALIDADE?

Comprobar o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades do alumnado en relación coa adquisición da competencia en **comunicación lingüística** e da **competencia matemática**.

Ten carácter **informativo** e **orientador**.

A QUEN SE APLICARÁN?

Esta avaliación terá **carácter censual** e **aplicarase a todo o alumnado de terceiro curso**.

QUE COMPETENCIAS SE AVALÍAN?

- competencia en **comunicación lingüística**,
- competencia **matemática**.

EN QUE CONSISTEN AS PROBAS?

Estarán constituídas por:

- Cadernos** de alumnado para cada unha das competencias
- Cuestionarios** de contexto para o alumnado e as súas familias

Os cuestionarios de contexto realizaranse preferentemente en formato dixital, sen prexuízo de que as familias o poidan realizar en formato papel.

CANDO SE FARÁN?

Os días **23 e 24 de maio** de 2018.

INFORME DE RESULTADOS.

Recibiranse no centro un informe individual de resultados de cada alumno/a, de carácter informativo e orientador, que se entregará ás familias.